



OBRADOIROS DE EMPREGO DE GALICIA



OBRADOIRO DE EMPREGO XUVENIL “REDEmpreg@”

Durante os próximos seis meses o Concello de Redondela en colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Fondo Social Europeo, pon en marcha un novo Obradoiro de Emprego ao abeiro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O proxecto denominado Obradoiro de Emprego “REDEMPREG@”, promovido polo Concello de Redondela ten como finalidade formar a un total de 15 alumnos/as traballadores/as, nas competencias profesionais da especialidade de **Deseño de produtos gráficos** (7 persoas) e **Pintura**

decorativa en Construción (8 persoas). Dito proxecto estarase a desenvolver nas instalacións do Multiusos de Chapela.

Para a posta en marcha de dita iniciativa a Xunta de Galicia e o Concello de Redondela inverterán máis de 140.000 euros.

A obra realizada pola especialidade de Pintura Decorativa en Construción consiste en arranxar e pintar interiormente os paramentos verticais e horizontais do Edificio Multiúsos de Chapela.

En canto á especialidade de Deseño de Produtos Gráficos a obra consiste en deseñar produtos gráficos e visuais tales como: a imaxe corporativa do Concello de Redondela, logomarca para a Concellería de Deportes, cartelería variada, deseño de murais decorativos para o Conservatorio Municipal/Escola de Música, unha Guía de Servizos Básicos para o peregrino, etc.